# A ARTE COMO PLATAFORMA PARA A IGUALDADE: MULLERES ARTISTAS

## SESIÓNS DIDÁCTICAS PRESENCIAIS E EN LIÑA PARA ESO, BAC E CICLOS FORMATIVOS




CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Outubro-xuño

O obxectivo desta actividade é achegar a arte contemporánea aos centros educativos e estimular o interese das novas xeracións pola creación artística do seu tempo.

A idea destas sesións monográficas é introducir temas transversais á educación, como a ecoloxía, a igualdade, a identidade ou a emigración, co fin de que o alumnado poida comprender o mundo que o rodea a través da expresión artística.

Tanto no formato presencial coma en liña, amosaremos o papel da arte como motor de cambio abordando o traballo de diferentes artistas que reflexionan sobre a igualdade.

A partir dunha gran variedade de soportes, materias, discursos, miradas e posibilidades expresivas, profundaremos en artistas e proxectos que tratan e reivindican cuestións como a idea de xénero, a igualdade (de raza, de clase, de xénero…), a maternidade, ou o papel da muller na sociedade e na historia da arte. Por que non pasaron á historia moitas mulleres artistas? Imos coñecer algunha excepción como o caso de Artemisa Gentileschi e tamén nos achegaremos a figuras contemporáneas como Judy Chicago, Birgit Jürgenssen, Ana Mendieta, Mónica Mayer ou Barbara Kruger.

Veremos como a arte ten o poder de espertar as nosas mentes e impulsar unha sociedade máis xusta, dentro e fóra dos museos.

El objetivo de esta actividad es acercar el arte contemporáneo a los centros educativos y estimular el interés de las nuevas generaciones por la creación artística de su tiempo.

La idea de estas sesiones monográficas es introducir temas transversales a la educación como la ecología, la igualdad, la identidad o la emigración con el fin de que el alumnado pueda comprender el mundo que lo rodea a través de la expresión artística.

Tanto en el formato presencial como en línea, mostraremos el papel del arte como motor de cambio abordando el trabajo de diferentes artistas que reflexionan sobre la igualdad.

A partir de una gran variedad de soportes, materias, discursos, miradas y posibilidades expresivas, profundizaremos en artistas y proyectos que tratan y reivindican cuestiones como la idea de género, la igualdad (de raza, de clase, de género…), la maternidad, o el papel de la mujer en la sociedad y en la historia del arte. ¿Por qué no han pasado a la historia muchas mujeres artistas? Vamos a conocer alguna excepción como el caso de Artemisa Gentileschi y también nos acercaremos a figuras contemporáneas como Judy Chicago, Birgit Jürgenssen, Ana Mendieta, Mónica Mayer o Barbara Kruger.

Veremos cómo el arte tiene el poder de despertar nuestras mentes e impulsar una sociedad más justa, dentro y fuera de los museos.

DESTINATARIOS: Segundo ciclo de ESO, bacharelato e ciclos formativos

### SESIÓNS PRESENCIAIS

DURACIÓN: 90 minutos

PRAZAS: máximo 25 persoas

Os grupos que visiten o CGAC realizarán, ademais, un taller creativo arredor dos contidos propostos durante a conversa.

INSCRICIÓN: A actividade é de balde e, para participaren, os centros interesados deberán enviar a onlinecgac@gmail.com unha mensaxe electrónica coa seguinte información: nome do centro educativo e da persoa responsable, número de persoas de que

DESTINATARIOS: Segundo ciclo de ESO, bachillerato y ciclos formativos

### SESIONES PRESENCIALES

DURACIÓN: 90 minutos

PLAZAS: máximo 25 personas

Los grupos que visiten el CGAC realizarán, además, un taller creativo en torno a los contenidos propuestos durante la charla.

INSCRIPCIÓN: La actividad es gratuita y, para participar, los centros interesados deberán enviar a onlinecgac@gmail.com un mensaje electrónico con la siguiente información: nombre del centro educativo y de la persona responsable, número de personas de que consta el

consta o grupo, curso ou idade das persoas participantes, día e hora en que desexan realizar a sesión, un número de teléfono e un enderezo electrónico de contacto.

## SESIÓNS EN LIÑA

DURACIÓN: 50 minutos

PRAZAS: máximo 25 persoas
Aos grupos que participen nas sesións a distancia, propómoslles a realización dunha creación colectiva no seu centro educativo.

REQUISITOS TÉCNICOS: O centro educativo deberá dispor do equipo técnico preciso para participar nunha reunión telemática (aula equipada cun ordenador con cámara e micro, altofalantes e pantalla).

INSCRICIÓN: A actividade é de balde e, para participaren, os centros interesados deberán enviar a onlinecgac@gmail.com unha mensaxe electrónica coa seguinte información: nome do centro educativo, curso ou idade das persoas participantes, día e hora en que desexan realizar a actividade, un número de teléfono e un enderezo electrónico de contacto e mais o nome da persoa responsable.

Unha vez que se acepte a solicitude, os centros recibirán as indicacións precisas para accederen á sesión en liña.

grupo, curso o edad de las personas participantes, día y hora en que desean realizar la sesión, un número de teléfono y una dirección electrónica de contacto.

## SESIONES EN LÍNEA

DURACIÓN: 50 minutos

PLAZAS: máximo 25 personas
A los grupos que participen en las sesiones a distancia les proponemos la realización de una creación colectiva en su centro educativo.

REQUISITOS TÉCNICOS: El centro educativo deberá disponer del equipo técnico necesario para participar en una reunión telemática (aula equipada con un ordenador con cámara y micro, altavoces y pantalla).

INSCRIPCIÓN: La actividad es gratuita y para participar los centros interesados deberán enviar a onlinecgac@gmail.com un mensaje electrónico con la siguiente información: nombre del centro educativo, curso o edad de las personas participantes, día y hora en que desean realizar la actividad, un número de teléfono y una dirección electrónica de contacto y el nombre de la persona responsable.

Una vez aceptada la solicitud, los centros recibirán las indicaciones necesarias para acceder a la sesión en línea.

CGAC Centro Galego de Arte Contemporánea

Xacobeo 2027

DEPARTAMENTO DE
ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703, Santiago de Compostela • Tel.: 981 546 602/31 • cgac.educacion@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal